

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

*ANUNCIO do 29 de agosto de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, polo que se notifica a solicitude de acreditación da representación no recurso interposto contra a resolución sancionadora en materia de transportes terrestres, devolta polo servizo de Correos (expediente RA/M/2016/00169).*

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaselle á persoa que a continuación se relaciona a solicitude de acreditación da representación do recurso interposto contra a resolución do expediente sancionador instruído por infracción da normativa reguladora dos transportes terrestres, por resultar descoñecido o seu destinatario ou ben porque, intentada a notificación, non se puido efectuar.

Examinado o recurso interposto, observouse que este non cumple cun requisito esencial exixido polo artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que é que, para interpoñer recursos, deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna. Polo tanto, requírese para que presente a documentación (orixinal ou copia compulsada) do representante para actuar en nome da entidade e que o remita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda; Secretaría Xeral Técnica; Servizo Técnico-Xurídico; San Caetano, bq. 5; 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Por todo o exposto, e co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 110.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ter así por interposto o recurso presentado, deberá proceder á emenda da falta mencionada no prazo de dez (10) días contados a partir da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, tal e como se establece no artigo 32.4 da mencionada lei.

Cómprelle lembrar que, de non proceder á corrección dos defectos antes mencionados, esta administración procederá a dar cumprimento ao establecido no artigo 113.1 da Lei 30/1992, inadmitindo o recurso interposto.



Para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, asino e selo este anuncio.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2016

O secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda  
P.A. (Orde do 4.12.2015; DOG núm. 236, do 11 de decembro)

José Antonio Domínguez Varela

Vicesecretario xeral da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

#### ANEXO

Número recurso Expediente Matrícula	Recorrente	Infracción cometida Datos da denuncia: data; hora; estrada; p.q.
RA/M/2016/00169 OU-01050-O-2014 7440-BDH	Alquior, S.L.	A carencia a bordo do vehículo das follas de rexistro dos tempos de condución e descanso xa utilizadas ou dos documentos de impresión que resulte obrigatorio levar, con independencia do tipo de tacógrafo, analóxico ou dixital, que se estea utilizando. 14.3.2014; 17.30; OU-P-0 (OU-P-0-Campobecerros); 0,1

